

PRACTICA 2.

1. DISPONIBILIDADE DE AULA

No meu centro dispoñemos de dúas aulas con ordenadores pero teñen un horario de utilización diario que ocupa a maior parte do tempo.

Despois de revisar os horarios, atopei que na aula onde se imparte a tecnoloxía da ESO pode dispor de dúas sesións semanais (mércores na 1ª sesión da mañá e o xoves na 2ª sesión, tamén da mañá).

Trasladei a petición correspondente a dirección do centro e podemos dispoñer da aula para realizar a experiencia para os meses de marzo e abril.

2. CARACTERÍSTICAS DAS COMPUTADORAS

O aula que imos a dedicar as sesións en pequeno grupo conta con dezanove computadoras DELL OPTIPLEX 745. Teñen algo máis de 2 anos de antigüidade e posúen as seguintes características:

- Sistema Operativo: Microsoft Windos XP Profesional SP2
- Microprocesador: Intel Core 2, 6300 a 1,86 GHz.
- 1 GB de memoria RAM.
- 80 GB de disco duro.
- Unidade lectora de CDRom.
- Portos USB 6 traseiros e 2 frontais. 2 portos freeware
- Pantallas DELL de 17 polgadas.
- Rato e teclado.

3. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO NA AULA

Aínda que o número de ordenadores é suficiente para o uso en solitario polo alumnado, e, a pesar de que esta sería a distribución ideal para un mellor aproveitamento, considero que en principio é mellor que se sitúen por parellas, a razóns son as seguintes:

No caso de alumnado con pouca competencia informática e/ou competencia na materia, as dificultades que xurdan poderán ser superadas mellor coa axuda do/a compañeiro/a.

Un dos obxectivos marcados para o alumnado expresábase en termos do fomento do traballo en equipo. Con esta distribución do alumnado obrigase a este a ter que poñer en exercicio unha actitude de colaboración co o outro.

No caso de dificultades debo atender menos postos.

Ademais, no caso de que xurdan problemas no funcionamento de algúns equipos, sempre teremos un stock destes en reserva.

En calquera caso a decisión é revisable, e no seu momento será sometida a avaliación contando co alumnado.

4 . DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS.

A distribución da aula é en forma de U, as mesas están colocadas xunto a tres das paredes da aula e o alumnado sentase de costas uns aos outro, a computadora do profesor ocupa un lugar centrado na aula.

A distribución da aula é fixa e non se pode modificar debido ao cableado existente.

5 . CONECTIVIDADE A REDE INTERNET

Todos os ordenadores teñen acceso a Internet mediante unha conexión ADSL de 7 Mb (teóricos), a velocidade real sitúase en torno aos 3 Mb. Conta con rede, e está instalado todo o software necesario.

6 . OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS

Para sesións de traballo en gran grupo, dispoñemos de dúas aulas, denominadas: aula de usos múltiples e aula de audiovisuais. Estas dúas aulas están equipadas con un ordenador, un canón de proxección e unha pantalla. Ademais, temos a posibilidade de transportar a aula asignada ao grupo un ordenador portátil así como o canón e a pantalla, que é a opción posible. En breve tamén se instalará unha pizarra dixital.

Con esta dotación de medios informáticos e recursos TIC espero cubrir todas as necesidades didácticas para o desenvolvemento da experiencia.

Xosé A. Alonso Fernández (IES Monte da Vila.- O Grove)